



Comunicado de prensa.

No día de onte, 10 de outubro, tivo lugar unha xuntanza entre os pais do curso 3º A, os membros da ANPA Andaina do CEIP A Xunqueira II, e membros da Xunta Directiva de FANPA Pontevedra, para tratar a situación derivada do conflito aberto coa titora do curso 3º A e as graves perturbacións da convivencia derivadas do maltrato que os alumnos manifestan recibir dela. Na reunión relatáronse diversas cuestións que debemos suliñar:

1. Existe un coñecemento estendido na comunidade educativa de Pontevedra dos antecedentes da mesma natureza que esta docente ven arrastrando ao longo dos últimos anos en diversos centros, polo que consideramos que se trata de reincidencia.
2. A situación dos menores afectados está comenzando a producir afeccións de natureza física e psicolóxica derivadas da situación vivida no centro educativo, polo que a solución do expediente reviste a maior urxencia. O estrés e angustia manifestados entendemos que van continuar ata que non se adopten medidas definitivas e tranquilizadoras.
3. O colectivo dos pais manifesta o seu desconcerto polo corporativismo amosado polo claustro de profesores, situándose claramente en defensa dunha docente que ten antecedentes acreditados, o que supón unha clara disfunción da función da educación pública, que debe poñer sempre en primeiro lugar aos alumnos e ás súas familias, obxecto único do sistema educativo. Isto socava a necesaria confianza das familias e desacredita ao propio colectivo docente da educación pública que debe ser o primeiro interesado en despegar a súa profesión de elementos indignos de exercela.

Expostas e debatidas as posibles actuacións por parte da comunidade educativa, os pais do curso de 3º A do CEIP Xunqueira II, así como a ANPA Andaina e FANPA Pontevedra expoñemos o seguinte:

1. Dada a situación de risco para a integridade física e psicolóxica, os alumnos do curso de 3º A non acudirán a clase se a profesora, que ademais é titora, se reincorpora ao seu posto. A reunión tamén acordou que no caso de que a Admón. insista en descoñecer esta situación, solicitaráselles aos pais de todo o Centro que se solidaricen cos directamente afectados, de modo que non asistan ás clases como medida de solidariedade e tamén para evitar que o problema se derive a outro grupo de alumnos do mesmo ou outro centro.
2. Tanto os pais como a ANPA e a FANPA demandamos o apartamento da docente das aulas e rexeitamos calquera solución que implique a súa reincorporación ou o seu traslado a outro centro onde poida estar en contacto con alumnos.
3. Esiximos que se complete a investigación aberta coa maior brevidade e con todas as garantías tanto para os menores como para a propia docente, pois é urxente que a comunidade educativa recobre a normalidade.
4. Tanto os pais como a ANPA Andaina e FANPA Pontevedra resérvanse e estudarán calquera outra actuación de carácter xudicial, civil ou penal, que poida ser necesaria para protexer a integridade dos alumnos afectados.

Pontevedra, a 11 de outubro de 2016.


ANPA "Andaina"
C.E.P. A Xunqueira nº2